



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Telecomunicacións e gobernos locais: a revolución tecnolóxica e a Administración local.

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 20/06/2008 - 00:00h ao 30/06/2008 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Estudo da incidencia das políticas públicas locais no desenvolvemento das comunicacións electrónicas.

DESTINATARIOS

Funcionarios de habilitación de carácter estatal, técnicos dos grupos A1 ou A2 e laborais asimilados, arquitectos, aparelladores e enxeñeiros que presten servizos nas Entidades locais. Respecto do persoal técnico terán preferencia os funcionarios e o persoal laboral.

PROGRAMA

Introdución: obxectivos e contido do curso, os conceptos básicos de telecomunicacións e unha referencia histórica da evolución.

A función das administracións en materia de telecomunicacións: as telecomunicacións na Unión Europea. Repartición de competencias entre o Estado, as CCAA e os municipios. Relación con outras competencias.

Normativa xeral de telecomunicacións: a regulación das telecomunicacións: organismos internacionais, autoridades reguladoras. A Lei xeral e o seu desenvolvemento.

As infraestruturas de telecomunicación: o acceso ao dominio público e privado. Servidumes e dereitos de paso. A expropiación. As redes de cable: redes eléctricas aéreas e subterráneas. O acceso ao interior de edificios: Regulamento de ICT. A tramitación municipal de licenzas de edificación (os proxectos e certificacións ICT). O despregamento de soportes para os accesos sen cables: necesidades de solo, requirimentos administrativos e licenzas municipais.

A contratación dos servizos públicos de telecomunicacións e a liberalización do sector: Lei de liberalización das telecomunicacións. Lei de contratos dos servizos públicos.

Internet e os servizos da sociedade da información: Lei de servizos da SE e comercio electrónico. A sinatura electrónica. A Administración electrónica. A protección de datos de carácter persoal.

Radiodifusión e televisión: procedemento de concesións de radiodifusión sonora en ondas métricas. Procedemento de concesión de televisión dixital terrestre local de carácter municipal.

Telefonía móbil e saúde: problemática social sobre a implantación de antenas de telefonía móbil e os campos electromagnéticos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 7, do 10 de xaneiro) e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa sinalados no anexo II.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 06/10/2008 a 09/10/2008

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

José Miguel Gómez Apesteguía

Ignacio José Otero López

GONZALO ANTONIO LÓPEZ-SANTOS RUBAL

María Jesús Peteiro Carreira

FERNANDO GIL VAZQUEZ

Jaime Vázquez OLIVÁN